

unidade_didáctica_

para_primaria

Galicia

Conservando a natureza



Obra Social "la Caixa"

XUNTA DE GALICIA

*Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Dirección Xeral de Conservación da Natureza
Coa colaboración da Obra Social "La Caixa"*

Coordinación Xeral do Programa

Cristina Brea Portela

Coordinación pedagóxica de materiais e recursos didácticos

Rubén Villasenín Iglesias

Galicia. conservando a natureza
unidade_didáctica_para_primaria

Galicia, conservando a natureza

unidade didáctica para primaria

INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica foi elaborada para chegar a todos os nenos e nenas á biodiversidade galega. É un plan didáctico deseñado para a dinamización da exposición “Galicia, conservando a natureza” da Xunta de Galicia.

Con este traballo preténdese chegar unha ferramenta didáctica útil e sinxela que permita aos nosos escolares realizar unha primeira aproximación á conservación da natureza. A finalidade é espertar unha actitude positiva e de valoración dos recursos naturais, de cara a un mellor coñecemento, aprecio e conservación dos mesmos.

OBXECTIVOS

- A chegar aos estudantes galegos de primaria á conservación da natureza galega.
- Realizar unha aproximación aos conceptos “conservación da natureza” e “espazo natural”.
- Efectuar un achegamento aos espazos naturais protexidos máis importantes de Galicia.
- Promover unha actitude crítica, sensible e responsable en relación coa conservación do medio.

TEMPO

Nesta unidade didáctica preséntase un grupo de actividades lúdicas, construtivas e significativas, para desenvolver antes, durante e despois da visita á exposición. A través delas preténdese que o/a educador/a faga un aproveitamento integral dos coñecementos, actitudes e aptitudes desenvoltas coa visita á exposición. Para facilitar a súa temporalización, cada actividade irá acompañada dos seguintes símbolos:

- Ⓜ Indica que se recomenda realizar antes da visita á exposición.
- ⓔ Indica que se recomenda realizar durante a visita á exposición.
- ⓓ Indica que se recomenda realizar despois da visita á exposición.

METODOLOXÍA

En cada unha das actividades indícase a metodoloxía a seguir para o seu desenvolvemento. Asemade, achéganse os seguintes símbolos:

- ① Actividade para realizar de xeito individual.
- ② Actividade para realizar en grupo.

RECURSOS MATERIAIS

En cada unha das actividades indícanse os recursos materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das mesmas.



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_primaria

1. QUE É A CONSERVACIÓN?

A } Velaquí tes unha frase!. Que ideas che suxire?. Ide expoñendo que é para
E 2 } vós a "conservación da natureza" e apuntádeo no encerado.



A I } Agora que xa tes unha pequena idea do que significa "conservación da natureza", proba a identificar a definición correcta. Marca cun "x".

Método de utilización en proveito propio, polo xeral dun modo abusivo, dun recurso natural.

Método de utilización dun ou dun conxunto de recursos naturais, para previr a explotación, polución, destrución ou abandono e asegurar o futuro uso dese recurso.

Método de utilización excesiva dos recursos naturais.

Método de utilización dos recursos naturais dun xeito prudente pero sen importar a súa explotación, polución, destrución ou abandono.



Galicia. conservando a natureza

unidade didáctica para primaria

Conservación da natureza

O obxectivo da conservación é manter o noso planeta nunha condición óptima e saudable. A conservación é esencial para a supervivencia humana, porque a vida depende do funcionamento da propia Terra; o aire, a auga, a terra... e todas as formas de vida existentes sobre ela.


Un aspecto moi importante é **prever á contaminación**, xa que se sabe que afecta directamente ás nosas vidas e á nosa saúde.

Ademais, unha natureza ben conservada permítenos realizar moitas **actividades ao aire libre** como pescar, cazar, nadar, navegar, esquiar, camiñar ou simplemente tomar o sol.

Os **seres humanos** somos o principal responsable da destrución da natureza, por iso tamén debemos conserva-la; por exemplo, protexendo os espazos naturais.

SABÍAS QUE...

A conservación da natureza e do medio ambiente é unha tarefa que temos que levar a cabo todas as persoas.



① } Colle papel e lapis e anota en que imaxes pensas que se está conservando a natureza e en cales non. Despois, entre todo o grupo, explicade o porque.



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_primaria

2. QUE É UN ESPAZO NATURAL?

R } Velaquí tes outra frase!. Que ideas che suxire?. Ide expoñendo que é para
E 2 } vós un "espazo natural" e apuntádeo no encerado.



R 1 } Agora que xa tes unha pequena idea do que é un "espazo natural", intenta identificar cales dos seguintes poden representar espazos naturais.

FRAGA

HORTA

MONTE

URBANIZACIÓN

CIDADE

RÍA

XARDÍN

ALAMEDA

RÍO

LAGOA

BRAÑA

ESTEIRO

PRAIA

SERRA

ALDEA

ILLA

BOSQUE

AEROPORTO

SOUTO

PORTO



Galicia, conservando a natureza

unidade didáctica para primaria

Espazo natural protexido

Un espazo natural é unha parte do territorio da Terra que se atopa escasamente modificado pola acción do home. Outros nomes que recibe son **paisaxe natural** ou **ambiente natural**.


Tamén se utiliza para chamar a algunha das categorías que serven para a protección de determinadas zonas da natureza de especial interese.

Un **espazo natural protexido** é un lugar que, ante a súa probable degradación por mor da acción do ser humano, é preservada coa finalidade de protexer e conservar o seu hábitat para que poida quedar para os nosos fillos, netos...

A primeiros do ano 2012 a rede galega de espazos naturais protexidos representa máis do 12% da superficie total de Galicia.

SABÍAS QUE...

En Galicia existen moitos espazos naturais que xa están protexidos e cada vez máis, inténtanse protexer todos os que o necesitan.



AI Completa as seguintes frases coas cousas que aprendiches sobre a conservación da natureza e sobre os espazos naturais.

- Coa conservación mantemos o planeta nunha condición _____ e _____.
- A conservación é esencial para a _____ humana.
- Os seres humanos somos o principal responsable da _____ da natureza, por iso tamén debemos _____.
- Un espazo natural é unha parte do territorio da _____ que se atopa escasamente _____ pola acción do home.
- Un espazo natural protexido é un lugar que é preservado co fin de _____ e _____ o seu hábitat.



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_primaria

3. ESPAZOS NATURAIS GALEGOS


- ⓓ } Coñeces algún destes espazos naturais protexidos de Galicia? Intenta
① } identificalo e coméntalle aos teus compañeiros e compañeiras porque pensas
② } que está protexido.



PARQUE NACIONAL
ILLAS ATLÁNTICAS




HUMIDAL PROTEXIDO
LAGOA E AREAL DE VALDOVIÑO



ZEPA
OS ANCARES



PARQUE NATURAL
FRAGAS DO EUME




ZEPVN
SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA




Galicia, conservando a natureza


unidade_didáctica_para_primaria

Espazos galegos protexidos


 **RESERVA NATURAL.** Ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos pola súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade.





 **PARQUE NACIONAL e PARQUE NATURAL.** Son áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza das súas paisaxes, a importancia dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou das súas formacións do solo, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos destacados cuxa conservación merece unha atención preferente e declárase de interese xeral do Estado, no caso dos parques nacionais. En Galicia temos o Parque Nacional das Illas Atlánticas e seis Parques Naturais: **Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, Baixa Limia-Serra do Xurés, Montes de Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.**


 **MONUMENTO NATURAL.** Son espazos ou elementos da natureza constituídos por formacións singulares, raras ou belas que merecen ser protexidas. Os sete monumentos naturais galegos son: a **Fraga de Catasós, Carballa da Rocha, Pena Corneira, o Souto de Rozabales, o Souto da Retorta, a Costa de Dexo e a Praia das Catedrais.**




 **PAISAXE PROTEXIDA.** Son aqueles lugares concretos do medio natural que, polos seus valores estéticos e culturais, son merecedores dunha protección especial. En Galicia temos dúas: o **Val do río Navea** e os **Penedos de Pasarela e Traba.**




 **HUMIDAIS PROTEXIDOS.** Son extensións de marismas, pantanos ou turbeiras, ou superficies cubertas de augas (naturais ou artificiais). En Galicia hai cinco: **Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo, Complexo intermareal Umia-O Grove, Lagoa e areal de Valdoviño, Ría de Ortigueira e Ladrado e Ría de Ribadeo.**

 **ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS (ZEPVN).** Son espazos delimitados para garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, de hábitats naturais e dos hábitats das especies de especial interese. En Galicia hai 71.

 **OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN:** Espazos naturais de interese local, Espazos privados de interese natural...

 **ESPAZOS PROTEXIDOS NATURA 2000.** Existen dous tipos: **Zonas de especial protección das aves (ZEPA)** e **Lugares de importancia comunitaria (LIC).** Galicia conta con 16 ZEPA's e 58 LIC's.



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_primaria


DE
12


No texto que acabas de ler hai unha frase subliñada, sabes explicar o seu significado? Hai outras palabras que non coñezas? (podes axudarte dun dicionario)





Valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos:


Parques galegos...


 **PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS.** Conxunto das illas das Rías Baixas, nos concellos de Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira. É importante pola flora e fauna dos seus **cantís** e **fondos mariños** e pola **vexetación** das súas **dunas**.


 **PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN.** Destaca por posuír a **duna móbil** máis grande do norte peninsular, pola **diversidade de flora** e por ser un importante **lugar de invernada** de aves acuáticas migratorias. Atópase no concello de Ribeira (A Coruña).

 **PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME.** No curso baixo do río Eume, nos concellos coruñeses de Pontedeume, Cabanas, Monfero, A Capela e As Pontes. Acolle as **fragas atlánticas mellor conservadas** da costa europea e gran **diversidade** de flora e fauna.

 **PARQUE NATURAL DO MONTE ALOIA.** Situado na serra do Galiñeiro, no concello de Tui (Pontevedra). Presenta alturas superiores aos **700 m.**, predominan as **matogueiras** e na parte máis baixa atópanse **mamíferos, réptiles e aves** (raposo, salamántiga, azor...).

 **PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS.** Esténdese pola cunca do río Limia, nos concellos ourensáns de Lobios, Entrimo, Muíños, Lobeira e Bande. Alberga **bosques diversos** (carballos, castiñeiros, sobreiras...) e gran **diversidade** de flora e fauna.

 **PARQUE NATURAL DOS MONTES DE INVERNADEIRO.** Situado no concello de Vilariño de Conso (Ourense), caracterízase por ser unha das zonas máis altas de Galicia. Está cuberto de **pasteiros e matogueiras** e conserva o **bosque máis antigo** da nosa comunidade autónoma.


 **PARQUE NATURAL DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA.** Atópase no concello de Rubiá (Ourense). As características dos seus solos convérteno nun espazo especial onde viven **especies únicas** no mundo e alberga unha gran **diversidade** de fauna e flora.



Galicia, conservando a natureza

unidade_didáctica_para_primaria

- ④ No seguinte mapa están representados os espazos naturais protexidos denominados como "Parque natural" e o "Parque nacional" de Galicia. Intenta situalos no mapa (podes usar un mapa de localidades). Se coñeces algún máis, tamén o podes situar. Sabedes cal é o espazo protexido máis próximo a vosa localidade? Visitástelo? Que cousas vistes nel?



galicia